

Os ollos de Marcos brillaron de ilusión cando atopou aquel billeteño prateado dentro do paquete de bombóns. Despregouno e comprobou que, no seu centro, viña un número de catro cifras: o 7447.


Gardou os bombóns nun peto da cazadora vaqueira e saíu con grandes alancadas en dirección á fábrica de chocolate para ir buscar o seu premio.¹

–Ei, señor! Espere! –berrou Marcos desde o cabo da rúa.

–Vaia! Píllasme polos pelos, rapaz. Menos mal que hoxe non teño présa. Imos ver, logo... Carafio, neno! Parabéns! Isto si que se pode chamar afortunado –dixo á fin levantando a ollada do billete.

O dono levouno á trastenda onde puido ver os trebellos para fabricar chocolates, trufas, bombóns, garapiñadas, pastillas de cola, lingotes de caramelo, varelas de vainilla, nubes con sabor a amorodo acedo ou caracois de regalicia negra e vermella, segundo lle foi explicando o home.

Por fin entraron nun cuarto que tiña enriba do marco da porta un letreiro que poñía "Cuarto dos premios", e cando o leu a Marcos fíxoselle un nó na gorxa coa emoción. Que sería o que lle tocara?



O dono da chocolataría abriu a porta, e Marcos quedou marabillado polo que aparecía diante dos seus ollos: obxectos enlatados a medio empacotar ou distribuídos por andeis e vitrinas; cachifallos fascinantes dunhas utilidades difíciles de coñecer se antes non foran manexados con detemento; frascos transparentes que gardaban líquidos de cores nunca antes vistas. Tamén había xoguetes antigos, do tempo de Mari Castaña polo menos, e bonecos vestidos con traxes de época.



O home púxose a buscar a referencia de cada caixa para dar coa que correspondía co 7447 de Marcos.

–Ah! Aquí está! –berrou o chocolateiro desde detrás dunha cortina–. Mais temo que non vas poder levalo agora.

–Por que? –preguntou Marcos alarmado.

Por toda resposta oíuse o renxido do raíl enferruxado do cortinón e este acabou descorréndose deixando á vista unha enorme caixa de embalar na que aparecía estampada a palabra FRÁXIL.

–Pero, que hai dentro? –quixo saber Marcos cos ollos coma pratos.

–Ah, non sei! Debe levar aí moito tempo sen que ninguén a abra. Claro que se queres podemos intentar botarlle unha ollada. Espera un minuto, que vou ver se atopo unha ganzúa.

Pero o minuto alongouse e Marcos non podía aturar cos brazos cruzados. Empezou a escaravellar e conseguiu abrir un pouco a porta da caixa, e cando asomou a cabeza por poucas non queda petrificado **2**. Dentro, sentado nunha cómoda butaca e cun sorriso na cara, estaba un ancián de barba completamente branca que, ao recibir a luz despois de tanto tempo na escuridade, entornou as pálpebras un pouco, puxo a man a modo de viseira e fitou con curiosidade a Marcos.



–Perdoa, es ti o meu novo neto?

–Quen?! Eu?

–Ti, si –afirmou o vello–. Non poñas esa cara. Ou é a primeira vez que ves un avó?

Aquela era a cousa máis disparatada que lle sucedera nunca. Por suposto que vira un avó. El tiña dous. Pero ter avós era unha cousa e outra moi diferente que che toque un nunha bolsa de bombóns.

–Pois eu non o vexo tan especial –dixo o vello–. O importante é que teus pais me tomen confianza. E falando de pais, temos que decidir de cal deles vou ser pai desde agora. Non che parece?

Marcos preferiu non responder. Era incapaz de seguir aquela conversa. Polo menos de momento.

–Entón... imos? –suxeriu o vello colléndoo da man.

Cando os viu pasar o chocolateiro quedou dunha peza. E mentres Marcos saía acompañado do seu avó novo do trinque, o dono da fábrica de chocolate prometeuse que ía darlle unha volta ao "Cuarto dos premios" para poñer ao día máis dun par de cousas esquecidas.

Xosé A. NEIRA CRUZ: *Contos para levar no peto* (adaptación). Vigo, Ed. Xerais, 2003.

Despois da lectura responde as preguntas que tes a continuación:

- **Por que sabe Marcos que ten un premio?**
- **Onde vai recoller o premio?**
- **Que está a facer o dono da fábrica cando chega Marcos?**
- **Onde está gardado o seu premio?**
- **Como conseguiu Marcos abrir a caixa?**
- **Que hai dentro da caixa?**
- **Por que ten que ordenar o dono da fábrica o "Cuarto dos premios"?**